

Nova redacción aprobada polo Claustro e o Consello Escolar na reunión extraordinaria celebrada o 30 de outubro de 2023.

XI. DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

5. Entradas e saídas

As **portas** do centro **abriranse ás 08:25**, vinte minutos antes do inicio das clases para todo o alumnado; se as familias precisan deixalo antes desa hora, a ANPA ten un servizo de madrugadores para eses casos.

5.1 Entradas

En E. Infantil as familias entregarán aos seus fillos/as no porche ao titor/a correspondente unha vez que toque a sirena.

En E. Primaria **as familias** deixarán ao alumnado na porta lateral de acceso ao recinto (fronte ao pavillón), e **non o acompañarán ao interior do recinto**. O profesorado de garda de transporte será o encargado da vixilancia e coidado ata o momento de entrar nas aulas. O alumnado fará filas por curso na zona marcada a tal efecto; subirá ás aulas en ringleiras cando toque o timbre.

Na ESO as familias deixarán ao alumnado na porta lateral, e non o acompañarán ao interior do recinto. Cando toque o timbre entrará pola porta central e accederá ás aulas pola escaleira central.

Todo o alumnado transportado accederá pola porta lateral do transporte, a través das pistas polideportivas ata o porche.

O Concello ten habilitada diante do centro unha zona de aparcamento “bica e arrinca” para que as familias teñan máis facilidade á hora de deixar aos seus fillos/as no centro.

5.2 Saídas

En E. Infantil o mestre/a que teña clase á última hora entregará o alumnado ás pers autorizadas no porche no horario establecido.

En E. Primaria o mestre/a que teña clase á última hora acompañará ata a porta lateral ao alumnado que non vai en transporte e comprobará que algunha persoa autorizada o recolle; se o alumnado está en 5º ou 6º e teña asinada a correspondente autorización poderá marchar só.

Na ESO o alumnado que teña asinada a autorización de saída, utilizará tamén a porta lateral se non vai no transporte.

5.3 Outros aspectos relacionados coas entradas e saídas

As entradas e saídas faranse sempre de forma ordenada, sen carreiras, gritos nin empurróns.

O profesorado que estea a impartir clase na hora anterior ao recreo ou a última hora da mañá ou da tarde será o último en saír da aula, comprobando que esta queda baleira.

O pai/nai/ titor legal que acudan ao centro para realizar calquera xestión (recoller alumnado, entrevista co profesorado, etc) terá que permanecer na zona de conserxería ou secretaría e non deambular polos corredores do centro.

As portas de acceso pecharáanse ás 09:00; despois desa hora todas as persoas que accedan ao centro utilizarán a porta lateral fronte ao pavillón.

Nas entradas e saídas, os coches particulares dos familiares dos alumnos non poderán acceder ao espazo reservado para o aparcamento do persoal de administración e servizos e do profesorado.

O alumnado que utilice o transporte escolar entrará no recinto inmediatamente despois de baixar do autobús e estará atendido polo profesorado de garda.

Aqueles que sexan usuarios do transporte escolar e non vaian utilizar este servizo nalgún momento, deberán avisar ao titor/a ou na secretaría do centro.

Excepcionalmente, por motivos debidamente xustificadas, poderíase permitir o acompañamento de familiares ou a entrada de vehículos ao interior do recinto, previa autorización da dirección.

Na entrada ao recinto está sinalizada a **prohibición de entrada de animais de compañía**, atendendo ao que se indica no punto 3 do artigo 29 da Lei 7/2023 do 28 de marzo. Polo tanto, non está permitida a entrada ao recinto escolar dos animais de compañía das familias.